

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTE CALDELAS****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS PARA SERVIZO DE TERRAZA******EDICTO******Aprobación definitiva***

O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión ordinaria do 25 de maio de 2017, adoptou acordo de aprobación inicial da ordenanza reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras para servizo de terraza, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 15.06.17 e estivo sometido a información pública polo prazo de 30 días hábiles. Neste prazo se presentaron varias alegacións e o Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión ordinaria do 28 de setembro de 2017 acordou a súa desestimación e aprobación definitiva da ordenanza, procedendo de seguido á publicación do texto íntegro:

ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS PARA SERVIZO DE TERRAZA***TÍTULO PRELIMINAR.—EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

A presente Ordenanza ven regular, dentro da esfera da competencia municipal, e ó amparo do establecido na Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, e Lei 33/2003, do 2 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas, a instalación de terrazas de hostalería nos espazo de uso público do Concello de Ponte Caldelas.

O Concello de Ponte Caldelas precisa dispor dunha Ordenanza Reguladora da ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade de establecer os criterios básicos para a instalación de terrazas anexas ós establecementos de hostalería.

O sistema viario do municipio está conformado polo conxunto de espazos de uso público destinados a proporcionar ós cidadáns os niveis adecuados de mobilidade, accesibilidade e lecer. Malia esa prioridade de uso público é evidente que nos últimos anos proliferou a ocupación do espazo público con terrazas vinculadas a establecementos de hostalería que, non só favorece ós empresarios que as explotan senón que tamén fomentan e potencian a actividade económica en xeral, así como contribúen ás relacións sociais e favorecen a proxección da imaxe aberta, dinámica, vitalista e acolledora da nosa vila. Non podemos ser alleos ás sinerxías que estas instalacións xeran en torno ó emprego, a economía e ó turismo. Pero ó mesmo tempo este aproveitamento debe realizarse dunha forma ordenada.



A Ordenanza inclúe tamén un réxime sancionador o cal enzalza o sentido pedagóxico e o alcance ético, social e cultural de toda sanción, posto que esta conleva a reversión dun modo de actuar incompatible cos valores, a convivencia e, en certos casos, coa mesma dignidade humana. Nin moito menos ten unha pretensión coercitiva; polo contrato o verdadeiro espírito do réxime sancionador desta normativa é pedagóxico resaltando o civismo por riba de todo.

Faise necesario, polo tanto, a redacción dunha ordenanza reguladora coa finalidade de conciliar o aproveitamento privativo excepcional e o dereito xeral de uso do espazo público por parte dos cidadáns.

TÍTULO I.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1.—OBJECTO

O obxecto desta Ordenanza é a regulación das autorizacións e o procedemento de outorgamento para a instalación de terrazas sempre que constitúan complementos dos establecementos de hostalería debidamente autorizados polo Concello de Ponte Caldelas, sen prexuízo das competencias que poidan ter outras administracións en terreos sitios neste Concello.

Exclúese da aplicación desta Ordenanza os actos de ocupación da vía pública de actividades de hostalería que se realicen con ocasión de feiras, festas, eventos culturais, actividades deportivas e similares que estarán suxeitas á solicitude expresa para as datas de realización, así como supeditadas ás instalacións e ocupación de espazos propios do evento.

Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanente en espazos exteriores.

A instalación de toldos, rótulos e outros aditamentos fixados ás fachadas das edificacións rexeranse consonte ó disposto na normativa municipal ou, no seu caso, doutras administracións.

ARTIGO 2.—ÁMBITO DE APLICACIÓN

Esta Ordenanza aplicarase á ocupación excepcional de espazos de uso público, independentemente da súa titularidade, para o uso vinculado a establecementos de hostalería no ámbito territorial do Concello de Ponte Caldelas. A condición de espazo de uso público virá determinado polo seu aproveitamento ou utilización xeral, polo destino urbanístico no planeamento vixente ou pola cesión do espazo ó Concello.

Quedan excluídas do ámbito desta Ordenanza as terrazas sitas en espazos de titularidade e uso privados que sexan obxecto de comunicación previa ou licenza urbanística.

A instalación de terrazas nos espazos públicos é un uso común especial de ditos espazos, suxeito á decisión discrecional do Concello, polo que a súa autorización deberá de atender a criterios de compatibilización do uso público coa utilización privada, debendo de prevalecer nos casos de conflito, a utilización pública do devandito espazo e o interese xeral do cidadán.



ARTIGO 3.—DEFINICIÓNS

Terraza.—é toda instalación que implique o uso temporal dunha zona de chan de uso público, con destino a aproveitamentos relacionados con actividades propias da hostalería, mediante a colocación de mesas, cadeiras, antucas e outros elementos auxiliares móbiles, como extensión da actividade que se exerce nos establecementos.

Velador.—é o conxunto formado por unha mesa e ata catro cadeiras. Porén, ós efectos dispostos nesta Ordenanza, asimilárase o concepto de velador a todos aqueles elementos ou conxunto de elementos mobles destinados a servir de soporte das consumicións con ou sen asento para os clientes (mesa con cadeiras, mesas con banquetas, bocois, caixóns, bancos, taburetes, mesas altas, ...).

Elementos ornamentais e informativos.—inclúense neste grupo tódolos elementos portátiles susceptibles de ser colocados no espazo público co fin de mellorar as condicións estéticas do establecemento (testos de flores e plantas ornamentais, figuras decorativas, esculturas, etc) ou aportar algunha información sobre o mesmo, tales como carteis, lousas e soportes de cartas, elementos publicitarios, que se diferencian dos rótulos e carteis convencionais en que non están fixados á fachada senón que son de carácter exento, dispostos sobre a vía pública.

Mamparas, elementos de protección, paraventos, elementos de peche.—son os elementos móbiles de delimitación da terraza ou dunha parte da mesma, co fin de protexer as mesas e cadeiras situadas dentro deste perímetro e protección contra o vento.

Antuca ou parasol.—instrumento similar ó paraugas que serve para protexerse do sol. Consistirá nun único pé dereito que soporta unha lona ou toldo dotado dunha base suficiente para garantir a súa perfecta estabilidade.

Instalacións desmontables.—son aquelas que están constituídas por elementos prefabricados, sen elaboración de materiais en obra, doadas de transportar, susceptibles de ser montadas e desmontadas a diario mediante procesos secuenciais que non requiran man de obra especializada.

Rúas peonís.—a efectos desta Ordenanza, considéranse peonís as rúas ou prazas reservadas de xeito exclusivo ou preferente ó tránsito peonil, agás no regulado para carga e descarga, tránsito de vehículos de servizos públicos ou de acceso de residentes.

Itinerario peonil accesible.—é aquel que se axusta ás condicións establecidas na normativa de accesibilidade e permite o acceso a persoas con dificultades de mobilidade.

Mobiliario accesible.—son os elementos cunhas características que os fan utilizables por todas as persoas e especialmente polas usuarias de cadeira de rodas.

Toldos.—son aqueles elementos de protección fixados á fachada, extensibles, con proxección horizontal, de carácter unitario, sen outros elementos asociados, é dicir, independentes de calquera elemento de protección vertical. Excepcionalmente poderanse considerar como toldos aqueles elementos de estrutura autoportante fixada ó pavimento que se diferencian dos para soles en que son portátiles, sendo desmontables e de carácter fixo ó igual que os toldos.



Pechamentos integrais.—son aqueles elementos formados por unha estrutura portante que sostén elementos de peche, cuxa función é confinar o volume do espazo ocupado pola terraza ou parte da mesma, que cubre este espazo de maneira integral e aínda que sexa desmontable ten unha vocación fixa. O uso destes elementos será excepcional e en zonas moi determinadas, xa que forma un volume exento e unitario.

Rótulos e carteis.—son todos aqueles elementos publicitarios e informativos fixados á fachada ou formando parte da mesma.

Papeleiras e cinseiros.—son aqueles elementos portátiles exteriores que o establecemento porá a disposición e servizo do cliente para depositar lixo, cigarros, colillas, etc. Será obrigatorio dispoñer polo menos dun cinseiro e dunha papeleira no exterior dos locais de hostalería.

Estufas e calefactores.—terán esta consideración todos aqueles elementos destinados a calefactar a zona ocupada pola terraza, incluíndo tanto as estufas portátiles autónomas, como as estufas fixadas á fachada que requiran dunha instalación de subministro eléctrico tamén fixan.

TÍTULO II.—RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 4.—CARENCIA DE DEREITO PREEXISTENTE

A autorización de ocupación do espazo de uso público é un acto discrecional polo que o empresario de hostalería non ostenta un dereito preexistente para a súa obtención ou renovación. O simple cumprimento dos requisitos citados nesta ordenanza non outorgan dereito algún sobre a utilización dos espazos de uso público.

ARTIGO 5.—TITULARIDADE DAS LICENZAS

Poderán solicitar a licenza os titulares de establecementos de hostalería con licenza de apertura en vigor ou persoa que legalmente a represente. A explotación da terraza realizarase directamente polo mesmo titular que explote o establecemento como parte da súa actividade empresarial, asumindo a totalidade das responsabilidades de calquera índole que se poidan derivar.

ARTIGO 6.—TRANSMISIBILIDADE

As licenzas serán transmisibles a outro titular conxuntamente coa do establecemento sempre e canto o antigo e o novo titular comuniquen esta circunstancia ó Concello mediante o expediente correspondente.

ARTIGO 7.—OBRIGAS FISCAIS

A concesión da licenza devengará a taxa correspondente consonte ó establecido na ordenanza fiscal correspondente.



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

ARTIGO 8.—LICENZAS

1.—Só se entenderán outorgadas mediante resolución ou acordo expreso. Nin a presentación da solicitude, nin o pagamento das taxas correspondentes, habilitan ó interesado para iniciar a ocupación.

2.—Todas as licenzas outorgaranse en precario, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados e non poderán ser arrendadas, nin cedidas directa ou indirectamente.

3.—A competencia para a concesión da licenza de ocupación con terrazas corresponde á Alcaldía, que poderá solicitar informes ós departamentos que considere oportunos, sen prexuízo das delegacións que por parte desta se poidan levar a cabo.

4.—Unha copia da autorización expedida polo Concello deberá de estar a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

5.—A instalación de terrazas sen autorización ou sen axustarse ás condicións da mesma, dará lugar á inmediata orde de retirada voluntaria ou subsidiariamente polo Concello a costa do interesado; todo elo sen prexuízo das sancións que procedera impor en aplicación do réxime disciplinario previsto nesta Ordenanza.

6.—A licenza obxecto desta Ordenanza é independente das demais autorizacións que correspondan en virtude da normativa sectorial ou de que regule a ocupación de solo de dominio público distinto do municipal. En consecuencia a instalación de terrazas en espazos afectados por competencias doutras administracións dependerá do informe favorable e/ou autorización por parte destas.

7.—A autorización para a instalación de terraza dará dereito a exercer a actividade cos condicionantes que se establezan na mesma e coas limitacións que en materia de consumo, prevención de alcoholismo, prevención de tabaquismo, emisión de ruídos, etc, se establece nas ordenanzas municipais e na lexislación sectorial aplicable.

ARTIGO 9.—VIXENCIA E RENOVACIÓN

A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de cada ano. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a licenza só será preciso presentar a solicitude de renovación, non tendo que volver a xuntar nova documentación sempre e cando non se pretenda modificar as condicións da instalación e non se produza concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

Queda excluída desta validez temporal as datas de celebración de eventos nos espazos autorizados. Para a ocupación dos espazos nestas datas deberá de cursarse solicitude para as mesmas, quedando supeditada a concesión da autorización ós usos e ocupación dos espazos públicos precisos para a celebración dos eventos (feiras, festas, procesións, desfiles, etc.) así como a celebración dos mesmos en condicións idóneas para o público, seguridade, tráfico, ...

O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a licenza.

Código seguro de verificación: 40KNYVQ2VM1J0X27



ARTIGO 10.—EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

- 1.—O cesamento da actividade principal implicará a extinción da autorización da terraza.
- 2.—A extinción ou suspensión da licenza de apertura determinará igualmente a automática extinción ou a suspensión da autorización de terraza.
- 3.—As autorizacións poderán ser revogadas en calquera momento, de maneira motivada, por razóns de interese xeral.
- 4.—Extinguida a autorización por calquera causa, o titular da mesma quedará obrigado a retirar todos os elementos da vía pública e a non os volver instalar.

ARTIGO 11.—MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN

- 1.—Cando o interesado quixese modificar as condicións da terraza en canto á súa localización, extensión, mobiliario, horario ou calquera outro aspecto deberá de presentar unha nova solicitude coa documentación necesaria.
- 2.—Cando por causas imprevistas de urbanización, razóns de interese xeral, así como por implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, desaparecieran as circunstancias que xustificaron o outorgamento da licenza ou xurdisen outras que fosen causa de denegación ou modificación, o Concello, mediante resolución motivada e previa audiencia do titular, poderá modificar, e mesmo revocar, a autorización concedida sen dereito a indemnización.
- 3.—As autorizacións poden ser suspendidas, total ou parcialmente por razóns de interese público: pola celebración de procesións, cabalgatas, feiras, mercados, espectáculos, acontecementos deportivos, manifestacións ou eventos similares de interese preferente. A realización de obras, esixencias dos servizos públicos ou outras actividades que requiran o espazo ocupado polas terrazas serán causa da suspensión total ou parcial da licenza. Cando a suspensión supere os 5 días consecutivos o empresario afectado poderá solicitar a devolución da parte proporcional das taxas polo tempo que se mantivo a suspensión.
- 4.—O incumprimento grave por parte do titular dos límites e condicións da autorización dará lugar, con independencia das sancións que puidesen proceder, á súa revogación.

ARTIGO 12.—CRITERIOS DE CONCESIÓN

- 1.—As autorizacións de instalacións de terrazas terán en consideración a incidencia do tráfico peonil e a incidencia da instalación pretendida na súa mobilidade, o número de terrazas solicitadas para a mesma zona, o contorno visual dos espazos públicos, a incidencia de competencias doutras administracións, a existencia dun espazo suficiente, ... prevalecendo en todo caso o uso común xeral. O Concello, previo iforme dos técnicos municipais e da Policía Local, determinará a idoneidade da instalación tendo en conta estes criterios.
- 2.—O Concello sinalará unha porcentaxe do espazo máximo de ocupación coa superficie total de zonas peonís. En todo caso e independentemente doutras limitacións, as terrazas non



poderán ocupar baixo ningún concepto unha superficie superior ó 50% do polígono formado pola aresta da beirarrúa e os límites da fachada adscrita ó establecemento.

TÍTULO III.—CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS

ARTIGO 13.—LIMITACIÓNS XERAIS

1.—Como regra xeral, a instalación de terraza realizarase apegada á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar a lonxitude, e deixando expedito o acceso ás vivendas e locais colindantes.

2.—Unha vez instalada a terraza deberán deixarse os itinerarios peonís necesarios para garantir o acceso ós edificios e locais cun largo mínimo de 1,50 metros.

3.—A administración poderá delimitar a superficie a ocupar por cada terraza mediante sinais visibles no pavimento.

4.—A colocación de veladores, parasoles, macetóns ou mamparas, etc., nas vías públicas non poderá, en ningún caso, constituir obstáculo para o tránsito peonil, limitar a libre utilización dos elementos de mobiliario urbano nin prexudicar a seguridade do tráfico rodado.

5.—Prohíbese a colocación nas terrazas de frigoríficos, máquinas expendedoras de produtos, máquinas de xogos, carriños de xeados, máquinas recreativas, billares, futbolíns, ou calquera outro elemento anexo ou alleo a este tipo de establecementos.

6.—Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza exterior desta, que deberá de ser atendida dende o propio establecemento, salvo en época de festas ou eventos e previa autorización.

7.—Para a instalación de calquera elemento fixado á fachada do edificio deberá de solicitarse a preceptiva licenza urbanística.

8.—Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá apilar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.

9.—Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.

10.—Como norma xeral e salvo autorizacións especiais con motivos de festas e outros eventos, establécese un número máximo de 20 veladores (conxunto formado por mesa e 4 cadeiras) por autorización. Este número verase reducido en función do espazo útil de instalación delimitado polas diferentes disposicións da presente Ordenanza.

11.—O Concello de Ponte Caldelas resérvase o dereito de ordenar a desmantelación temporal da terraza con motivo da realización de obras, actividades de limpeza, instalación ou reparación de mobiliario, realización de eventos, festas, etc.



ARTIGO 14.—EMPRAZAMENTO DAS TERRAZAS

1.—Só se poderá instalar terrazas en beirarrúas ou nas prazas e rúas peonís. En ningún caso se poderá ocupar a calzada de tránsito rodado nin as zonas de aparcamentos. Esta limitación de emprazamento poderá non ser tida en conta en caso de festas, eventos, probas deportivas, etc. en que a vía afectada teña prohibida a circulación de vehículos e durante o tempo en que dure esta prohibición.

2.—Como norma xeral a terraza instalarse no espazo público inmediato á fachada do establecemento hostaleiro ocupando, como máximo, a lonxitude da fronte do mesmo e o fondo que corresponda consonte ó disposto nesta Ordenanza.

3.—Cando as circunstancias especiais o aconsellen (escasa ou excesiva largura da rúa, prazas peonís, libre accesibilidade ós portais, comercios, escaparates, ...) poderán estudarse outras disposicións das terrazas, que poderán ser proposta a iniciativa dos empresarios ou do propio Concello.

4.—O Concello comprobará que a disposición dos veladores e demais elementos non impide o libre uso do mobiliario público nin dos servizos públicos municipais.

5.—Queda prohibida a ocupación de: acceso ós inmobles, entradas a galería, bocas de rego, saídas de emerxencia, paradas de transporte público, sinalización de tráfico, centros de transformación, pasos peonís, prazas delimitadas de aparcadoiro público e calzadas con circulación de vehículos.

6.—Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a manobra de entrada e saída de vados permanentes de paso para vehículos.

7.—Alameda de Ponte Caldelas.—terán dereito ó uso do espazo da Alameda de Ponte Caldelas os locais situados no entorno da mesma, tomando como tal os que contén con acceso ó local pola propia Alameda, Rúa Emigrante e Rúa Marín.

ARTIGO 15.—DIMENSIÓNS E SUPERFICIE

Como norma xeral a terraza instalarse no espazo público inmediato á fachada do establecemento hostaleiro ocupando, como máximo, a lonxitude da fronte do mesmo e o fondo que corresponda consonte ó disposto nesta Ordenanza.

As terrazas non poderán ocupar baixo ningún concepto unha superficie superior ó 50% do polígono formado pola aresta da beirarrúa e os límites da fachada adscrita ó establecemento.

Na Alameda de Ponte Caldelas por parte do Concello de Ponte Caldelas establecerase un mapa de ocupación e distribución dos espazos segundo as solicitudes presentadas. Este plano poderá ser modificado con motivo de festas e outros eventos a levar a cabo no espazo en cuestión.

A autorización concederase por metros cadrados consonte á distribución achegada ó expediente.



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

Cando o espazo permita a instalación de máis dunha fila de veladores, poderán disporse como mellor conveña sempre que permita o fácil acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal se establecerá un corredor intermedio que permitirá o acceso dos empregados do local. A superficie ocupada polo corredor computará dentro da superficie de ocupación da terraza.

ARTIGO 16.—PLATAFORMAS

En rúas que teñan unha pendente lonxitudinal superior ó 5% poderase, con carácter restritivo, autorizar a instalación de tarimas que resolvan a horizontalidade e non superen os límites da superficie autorizada. Estas plataformas ou tarimas deberán de ser desmontables e non producir alturas superiores a 40 cm sobre o pavimento debendo resolverse mediante escalonamentos. Non poderán impedir nin dificultar a utilización dos rexistros de servizos públicos nin do mobiliario urbano. Deberán dispor de varandas con altura mínima de 90 cm que sexan suficientemente resistentes para soportar os empuxes verticais e horizontais.

ARTIGO 17.—MAMPARAS, SEPARADORES, CORTAVENTOS E PARASOLES

Os elementos separadores e mamparas deberán estar incluídos na superficie autorizada da terraza e no poderán ter máis de 1,60 metros de altura e o seu deseño deberá de garantir a estabilidade, resistencia ó vento e seguridade. Serán de material ríxido preferentemente transparente e con deseño acorde ós veladores das respectivas terrazas. Deberán de ser retiradas ó final de cada xornada.

Poderán autorizarse, previa licenza urbanística, a colocación de toldos con peche lateral, nunca frontal total que superen as medidas arriba reflectidas para os separadores e cortaventos. Neste caso poderanse autorizar tamén os mínimos e imprescindibles elementos de enganche precisos para a suxeición ó solo e sempre e cando sexan de fácil e áxil desmontaxe e recollida.

Os parasoles serán de estrutura resistente, doados de pechar e trasladar e deberán ter unha base suficiente para garantir a súa propia estabilidade e resistencia ós ventos. Non se permitirán parasoles ancorados ó pavimento salvo solicitude de licenza de obras que permita a súa execución e colocación.

ARTIGO 18.—CALEFACTORES

A incorporación de sistemas de calefacción ou climatización deberá reflectirse nas propostas ou proxectos que se presenten. Non poderán emprazarse fóra do espazo autorizado nin invadir os itinerarios accesibles.

Serán condicións para a instalación de calefactores as seguintes:

O modelo de estufa deberá de axustarse á Directiva 1990/396/CEE, do 29 de xuño, ou á normativa europea que a substitúa, debendo de ser de baixo consumo.

Deberanse instalar sempre dentro do perímetro da terraza.



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

O interesado deberá de dispor de extintores de po ABC, eficacia 21A22113B, e n lugar facilmente accesible.

Poderase denegar a autorización para a súa instalación cando das circunstancias concorrentes se poida derivar risco para as persoas ou bens.

Para acreditar o cumprimento destas condicións deberán aportarse polo interesado os seguintes documentos:

a) Certificado e informe dun técnico facultativo, no que garanta a seguridade da súa ubicación e as indicacións precisas para o seu uso e mantemento, así como memoria relativa ás características técnicas, físicas e estéticas da estufa, xuntado planos de planta e de sección da terraza e as distancias destes elementos a fachadas, mobiliario urbano, etc.

b) Garantía de calidade e certificado de homologación da Unión Europea.

c) Seguro de responsabilidade civil e incendio con cobertura dos posibles riscos derivados da súa utilización na terraza.

d) Contrato de mantemento e revisión dos extintores.

e) Contrato de mantemento da instalación con empresa especializada. Copia do certificado anual de revisión da instalación. A non presentación do mesmo poderá motivar a revogación da autorización concedida.

f) No caso de estufas eléctricas, ademais deberá de presentarse boletín eléctrico do establecemento e instrucións técnicas complementarias ITC-BT-05, apartado A1 e A2, e ITC-BT-28, apartado 1, locais de reunión, traballo e usos sanitarios.

ARTIGO 19.—HORARIO DE FUNCIONAMENTO E RECOLLEITA DOS ELEMENTOS DA TERRAZA

As terrazas non poderán estar en funcionamento sen estalo o establecemento do que depende e seranlle de aplicación ademais os límites máximos que se detallan a seguir:

a) Horario de inverno: entre o 1 de outubro e o 31 de maio.

Establécense dúas categorías de establecementos hostaleiros: os establecementos en xeral (bares, cafeterías, restaurantes, ...) e os bares especiais (pubs, discotecas,...).

Os establecementos en xeral deberán retirar a terraza antes das 12 da noite os días de semana. Os venres, sábados e vésperas de festivo o horario de recollida e peche da terraza poderase prolongar atas 01:00 horas da madrugada.

Os bares especiais deberán retirar a instalacións antes das 01:00 horas os días de semana. Os venres, sábados e vésperas de festivo o horario de recollida e peche da terraza poderase prolongar atas 02:00 horas da madrugada.

b) Horario de verán: entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

Código seguro de verificación: 40KNYVQ2VM1J0X27



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

Establécense dúas categorías de establecementos hostaleiros: os establecementos en xeral (bares, cafeterías, restaurantes, ...) e os bares especiais (pubs, discotecas,...).

Os establecementos en xeral deberán retirar a terraza antes das 00:30 da madrugada os días de semana. Os venres, sábados e vésperas de festivo o horario de recollida e peche da terraza poderase prolongar atas 01:30 horas da madrugada.

Os bares especiais deberán retirar a instalacións antes das 01:30 horas os días de semana. Os venres, sábados e vésperas de festivo o horario de recollida e peche da terraza poderase prolongar atas 02:30 horas da madrugada.

c) Horario de festas locais: durante os días de celebración das festas sinaladas no calendario de festividades locais, así como naqueles casos de festas patronais das diferentes parroquias, o horario de recollida de terrazas entenderase ata o límite de apertura do propio establecemento.

d) Horarios especiais con motivo dos eventos organizados polo concello.—serán determinados pola entidade local en función do evento xunto coa preceptiva solicitude de licenza.

A instalación das terrazas non poderá comezar, en ningún caso, antes das 9 da mañá e deberá de estar recollida e limpa á finalización do propio horario.

No caso de que o horario autorizado para o establecemento se prolongue máis alá que o da propia terraza poderán quedar os elementos desta, temporalmente, amoreados e inutilizados na rúa para seren gardados no interior tras o peche do local sempre e cando non supoñan risco para o resto dos usuarios do espazo.

ARTIGO 20.—CONCORRENCIA

Quen pretendese unha autorización sobre un espazo total ou parcialmente autorizado a outra instalación non poderá obtela ata o ano seguinte, debendo formular a súa solicitude antes 30 de novembro do ano anterior ó que teña previsto iniciar a ocupación. Coa solicitude achegarse unha proposta de distribución dos espazos e instalacións, acordada e asinada polo interesados concorrentes no citado emprazamento.

A falla de acordo entre os interesados resolveranse consonte a criterios de proporcionalidade respecto da superficie do local de que dependan. Así mesmo, poderán considerarse outras características da instalación como a fronte dos locais, o carácter accesible do establecemento principal e o da terraza a instalar, a vía pública en que se sitúe e aquelas outras circunstancias que se consideren pertinentes en cada caso.

O feito de ter sido titular de autorización en períodos anteriores non implica maior dereito en posteriores peticións, nin vincula en canto ó número e disposición dos elementos autorizados.

ARTIGO 21.—OBRIGAS

Os titulares das licenzas quedarán obrigados a:

1.—Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.

Código seguro de verificación: 40KNYVQ2VM1J0X27



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

2.—A póliza de seguro de responsabilidade civil de que deba dispor o titular do establecemento deberá estender a súa cobertura ós posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza.

3.—Cinguirse estritamente á zona autorizada sen superala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan.

4.—Será obrigatorio contar como mínimo cunha papeleira e cun cinseiro de dimensións axeitadas e suficientes, neste último caso sempre e cando a normativa vixente permita fumar no espazo obxecto de licenza de terraza.

5.—Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

6.—A instalación e a recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.

7.—Corresponde ó titular da licenza a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado deberá de quedar limpo tódalas noites trala retirada da terraza. Poderase autorizar, previa solicitude, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, deixar os elementos da terraza recollidos e apilados, sempre e cando deixen un espazo suficiente para o tránsito e non constitúan risco algún para o resto dos usuarios do espazo.

8.—Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento ou calquera outro ben de titularidade pública pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados, debendo aboar os custes de repoñer ó seu estado inicial, nun prazo máximo de sete días hábiles, previa comunicación e supervisión polo técnico municipal competente.

9.—Deberá de estar a disposición da autoridade municipal o título habilitante para a instalación da terraza.

10.—A realización de actuacións en directo precisará de autorización expresa do Concello, respectando en todo caso a normativa vixente.

11.—Non se permitirá a colocación de pancartas e similares no espazo autorizado.

TÍTULO IV.—PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN DA LICENZA

ARTIGO 22.—RÉXIME XURÍDICO

A licenza obxecto desta Ordenanza tramitarase de acordo co previsto na lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común.

Para a súa concesión requirirase de informe da Policía Local, sen prexuízo dos informes técnicos e xurídicos necesarios para o outorgamento da licenza.



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

ARTIGO 23.—CAPACIDADE PARA SOLICITAR A LICENZA

Poderán solicitar a licenza de terraza os titulares de establecementos de hostalería, sempre que a actividade dispoña da preceptiva autorización de apertura ou teña sido comunicada previamente no caso de actividades sometidas ó réxime de comunicación previa e o solicitante non teña débedas recoñecidas coa administración municipal.

ARTIGO 24.—REQUISITOS DA SOLICITUDE

As licenzas solicitaranse á Alcaldía do Concello de Ponte Caldelas.

Ademais dos datos xerais de identificación do solicitante e do establecemento hostaleiro deberá de acompañarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia da autorización de apertura do local e se aínda non se conta con ela, indicación do rexistro e data na que se solicitou.

b) Copia do documento de identidade do solicitante e, no seu caso, copia do CIF.

c) Situación exacta do espazo que se pretende ocupar.

d) Extensión da superficie en metros cadrados da terraza e do local principal.

e) Plano a escala e acoutado da ocupación, coa superficie a ocupar, no que tamén se deberán incluír beirarrúas e zonas de tráfico rodado.

f) Listado co número de elementos a colocar.

g) Memoria na que deberá de constar unha descrición escrita e gráfica dos elementos a colocar.

h) Nos eu caso, plano de instalacións eléctricas exteriores indicando e especificando as proteccións necesarias.

i) Xustificante de ter subscrito un seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para cubrir os danos derivados da súa instalación e funcionamento.

j) Xustificante de ter aboado as exaccións fiscais correspondentes.

k) Cando a terraza se pretenda instalar diante da fachada de locais lindeiros, autorización expresa dos titulares dos mesmos no caso de estar sen actividade, ou dos titulares da actividade no caso de contar con ela.

l) No caso de terrazas situadas en espazos privados de uso público incluírse ademais como documentación específica documento acreditativo da autorización dos titulares do emprazamento, que cando sexa unha Comunidade de Propietarios deberá estar subscrita polo representante legal da mesma mediante acordo adoptado ó efecto.

m) O Concello comprobará que o solicitante non teña débedas recoñecidas coa administración municipal.

Código seguro de verificación: 40KNYVQ2VM1J0X27



n) Aquela documentación que polas características da terraza ou por modificacións normativas se estime pertinente polo Concello.

ARTIGO 25.—INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento iníciarase coa presentación da solicitude e documentación completa no rexistro do Concello. Comprobarase a veracidade dos datos reflectidos na solicitude, a adecuación en tódolos aspectos da terraza que se pretende instalar á presente Ordenanza e ó resto do ordenamento xurídico. Poderanse solicitar informes ós servizos municipais que se estime necesario. Finalmente elevarase á Alcaldía ou órgano en quen delegue a proposta de resolución na que se incluírán as condicións da ocupación permitida.

ARTIGO 26.—RESOLUCIÓN

Resolverá a Alcaldía ou órgano en quen delegue.

Só se considerará autorizada a instalación dunha terraza mediante Resolución/Acordo expreso na que se poderán incluír condicións adicionais ou limitacións en cada caso concreto.

A notificación da licenza deberá de estar dispoñible no establecemento.

Sen prexuízo da obriga de resolver, se non se contestara á petición no prazo dun mes, considerarase desestimada de forma tácita ós efectos da interposición dos correspondentes recursos.

TÍTULO V.—INSPECCIÓN, RESTABLECEMENTO DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 27.—INSPECCIÓN

Será competencia da Policía local controlar o exacto cumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza.

ARTIGO 28.—COMPATIBILIDADE

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa existencia ó infractor da reposición da situación alterada ó seu estado orixinario así como a indemnización polos danos e prexuízos causados.

ARTIGO 29.—RESTABLECEMENTO DA LEGALIDADE. INSTALACIÓNS SEN AUTORIZACIÓN

As instalacións suxeitas a esta Ordenanza que se implantan sobre terreos de uso público sen a preceptiva autorización serán retiradas de modo inmediato previa notificación ó interesado da orde ditada pola Alcaldía. No caso de facer caso omiso o Concello procedería á execución subsidiaria a costa do obrigado.



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

ARTIGO 30.—DENUNCIA

Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello calquera infracción da presente Ordenanza.

ARTIGO 31.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

As infraccións dos preceptos desta Ordenanza serán sancionados por Resolución de Alcaldía, con multas graduables dentro dos límites sinalados na mesma, así como na lexislación vixente, sen prexuízo da esixencia das demais responsabilidades administrativas e patrimoniais ás que dera lugar, incluída a execución subsidiaria a costa do obrigado.

A imposición de sancións requirirá a previa instrución do correspondente expediente de conformidade cos principios e procedementos regulados pola Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos hostaleiros.

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións tipificados como leves, graves ou moi graves dentro do expediente sancionador de conformidade coa seguinte clasificación:

a) Constitúen infraccións leves con multa de 50 a 300 euros:

- A instalación ou utilización de elementos de características distintas ás autorizadas na licenza.
- A instalación de elementos permitidos pola Ordenanza pero que non se autorizaron na licenza, teñan características distintas das autorizadas ou se sitúan cunha disposición distinta da permitida.
- A instalación de mesas, cadeiras e parasoles en número superior ó autorizado sen ocupar máis espazo que o permitido na licenza.
- Instalar mobiliario ou manter calquera outro elemento que non cumpra coas condicións de seguridade, hixiene ou ornato.
- A realización de ancoraxes no chan non permitidas.
- Non recoller os elementos que compoñen a terraza cando finalice o horario de utilización.
- Non ter a disposición no local da notificación que acredite o outorgamento da autorización.
- A falta de limpeza do espazo autorizado.
- O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de media hora.
- Almacenar ou apilar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou calquera outro espazo da vía pública.



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

- O incumprimento de calquera obriga prevista nesta Ordenanza que non sexa considerada constitutiva de infracción grave ou moi grave.

A comisión de tres infraccións leves no prazo dun ano levará aparellada ademais a suspensión da autorización polo período dun mes.

b) Constitúen infraccións graves que se sancionarán con multa de entre 301 a 600 euros:

- A ocupación superior á autorizada cando non se dean os requisitos para considerala infracción moi grave.
- A realización na terraza de actividades non permitidas ou sen autorización, cando non causen prexuízos para a seguridade nin para a tranquilidade públicas.
- Causar danos no dominio público, cando non constitúan infraccións moi graves.
- Incumprimento das normas e restricións específicas de horarios establecidas nesta Ordenanza.
- A comisión reiterada de dúas infraccións leves sen corrixir as causas que as motivaron.
- O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de media hora e menos dunha hora.
- Non constar coa correspondente licenza ou comunicación previa para iluminación cando sexa precisa.

A comisión de tres infraccións graves no período dun ano levará aparellada ademais a suspensión da autorización por período de 6 meses.

c) Constitúen infraccións moi graves que se sancionarán con multa de 601 a 1.000 euros:

- A instalación de terrazas sen autorización.
- A instalación de terrazas pechadas con obra ou estruturas permanentes non autorizadas.
- A instalación de terrazas fóra da vixencia temporal establecida no Artigo 9 da presente Ordenanza sen ter cursado a preceptiva autorización. É dicir a instalación de terraza nas datas de celebración de eventos nos espazos autorizados sen a preceptiva autorización.
- A carencia do seguro obrigatorio.
- A cesión da explotación da terraza a persoa distinta do titular.
- O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación.
- O incumprimento do horario de inicio ou peche en máis de unha hora.
- A comisión de dúas infraccións graves sen corrixir as causas que as motivaron.

A comisión dunha infracción moi grave levará aparellada a extinción da autorización.

Así mesmo e, á marxe da sanción que en cada caso corresponda, a Administración Municipal ordenará, no seu caso, a retirada dos elementos e instalacións con restitución ó estado anterior

Código seguro de verificación: 40KNYVQ2VM1J0X27



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

á comisión da infracción. As ordes de retirada deberán de ser cumpridas polos titulares da licenza en prazo de 24 horas. En caso de incumprimento procederáse á execución subsidiaria polo Concello á conta do obrigados que deberán de aboar os gastos de retirada, transporte e depósito dos materiais.

ARTIGO 32.—DETERMINACIÓN DA MULTA PROCEDENTE EN CADA CASO

Para determinar a contía da multa aplicable a cada infracción dentro do mínimo e do máximo correspondente ás infraccións leves, graves e moi graves observarase o principio de proporcionalidade atendendo a cantos criterios sirvan para pór de manifesto a conduta antixurídica e, en especial, os seguintes:

- Existencia ou non de intencionalidade.
- Producción dun prexuízo grave para os intereses xerais.
- Beneficio obtido coa comisión da infracción.
- Tempo durante o que se cometeu a infracción.
- A reincidencia na comisión de infraccións.

ARTIGO 33.—PRESCRICIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

As infraccións e sancións previstas nesta Ordenanza prescribirán segundo o disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Lei de Procedemento Administrativo Común.

Disposición adicional primeira

A interpretación desta Ordenanza corresponde ó Concello.

Disposición adicional segunda

Os días de feira, festas, eventos, etc. os postos e outras instalacións autorizados para a celebración dos mesmos terán preferencia de ocupación da vía pública e os espazos de uso público sobre as terrazas.

Disposición final. Entrada en vigor

A entrada en vigor desta Ordenanza producirase unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-

Código seguro de verificación: 40KNYVQ2VM1J0X27



Luns, 16 de outubro de 2017

Núm. 198

administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 3 de outubro de 2017

O Alcalde,

Asdo.: Andrés Díaz Sobral

Documento asinado electronicamente ao marxe

Código seguro de verificación: 40KNYVQ2VM1J0X27

